



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O COMITÉ DE ENTIDADES REPRESENTANTES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE GALICIA PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DO MANTEMENTO DA ENTIDADE PARA O EXERCICIO 2023.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar co CERMI de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2023. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2023 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social colaboración no financiamento do mantemento de CERMI de Galicia, co fin de prestar servizos ás organizacións e entidades dedicadas á atención das persoas con discapacidade de defensa dos dereitos das persoas con discapacidade, no exercicio 2023.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con discapacidade, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da administración pública.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2 apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, CERMI de Galicia é a única entidade de iniciativa social en Galicia que ten como finalidade ser un foro de estudio e debate que desenvolve propostas para mellorar e defender o colectivo de persoas con discapacidade. CERMI de Galicia é a única entidade da Comunidade Autónoma que representa practicamente a totalidade das asociacións no eido da discapacidade, co fin de prestar servizos ás organizacións e entidades dedicadas á atención das persoas con discapacidade e velar polo mantemento das melloras conseguidas.

A especialidade da entidade como única representante do 95% do colectivo de asociacións de defensa das persoas con discapacidade, a súa adecuación ao ámbito competencial da





Consellería de Política Social e Xuventude , segundo o previsto no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, o carácter singular da mesma, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social e humanitario e polo tanto dificultan a convocatoria pública dun procedemento de concorrencia competitiva e xustifican a concesión directa desta subvención.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

